XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe Eloísa Rivadulla

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

galicia

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO POR

COVID-19

CURSO 2020-2021

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

INTRODUCCIÓN

O presente Protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, colectivas e individuais, así como organizativas do noso centro para protexer e previr ao máximo posible o risco de contaxio por COVID- 19.

O conxunto de medidas que se recollen neste documento, teñen como referente as instrucións facilitadas polas autoridades sanitarias así como pola mesa sectorial do Ministerio de Educación e a C.A. de Galicia. As instrucións e recomendacións establecidas neste protocolo deberán adaptarse ás instrucións sanitarias que en función da evolución da pandemia ditaminen ditas autoridades e así mesmo adaptaranse ás recomendacións sobre as medidas de prevención e hixiene que poida ditaminar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Calquera cambio será informado á comunidade educativa mediante a páxina web do centro.

Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da mascara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente atenderase ao previsto na súa normativa.

PERSOAS QUE PODERÁN ACCEDER AO CENTRO EDUCATIVO

Non poderán reincorporarse ao seu posto de traballo as persoas con síntomas compatibles con COVID-19 ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Indicarase ás familias que non poden acudir ao centro os alumnos/as con síntomas compatibles con COVID-19 ou diagnosticados de COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.

Para iso, as familias deben vixiar o estado de saúde e realizar toma de temperatura todos os días antes de saír de casa. Se o/a alumno/a tivese febre ou síntomas compatibles con COVID-19 non poderá asistir ao centro debendo chamar ao seu centro de saúde e informar ao centro educativo. Esta norma é aplicada tamén ó profesorado do centro educativo.

O alumnado que presenta condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderán acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa. De non ser o caso, este alumnado vulnerable poderá recibir atención domiciliaria, sempre e cando, o recomende o seu médico ou pediatra.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

Hai que evitar as aglomeracións. As familias só poderán entrar ao edificio escolar en caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, con cita previa e cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

Descártanse as actividades grupais ou eventos no interior do centro, como festivais de fin de curso, funcións teatrais, gradacións, etc. Polo tanto, tampouco se realizaran as actividades extraescolares e complementarias organizadas tanto polo centro como pola ANPA.

Realizarase a comunicación coas familias mediante teléfono, páxina web, abalar móbil, correo electrónico ou videoconferencia, facilitándose para iso as xestións telemáticas. No caso extraordinario, de ter que realizar unha reunión presencial levarase a cabo, previa cita, na biblioteca do centro cumprindo as medidas hixiénicas establecidas.

PAUTAS DE ACTUACIÓN EN CASO DUN TRABALLADOR/A SINTOMÁTICO/A OU EN CONTACTO CUN CASO COVID19

Se o/a traballador/a presenta síntomas compatibles con COVID19 durante a xornada laboral (tose, febre, dificultade para respirar, dor de gorxa, anosmia ou perda súbita de olfacto):

- Poñerá de forma inmediata o feito en coñecemento do coordinador do Equipo COVID 19 do centro.
- Abandonará o centro de traballo para dirixirse ao seu domicilio para manterse en illamento preventivo domiciliario.
- Contactará co seu médico de Atención Primaria o cal valorará a súa sintomatoloxía e determinará o plan de actuación, seguindo o protocolo.

No caso de resultar positivo, o coordinador do Equipo COVID 19 informará a Sanidade do caso, achegando nome e teléfono de contacto do/a empregado/a sintomático/a. Así mesmo, realizará unha listaxe dos traballadores do centro que tivesen un contacto estreito co empregado sintomático (entendéndose como contacto estreito a aquela persoa que estivese no mesmo lugar que un caso probable ou confirmado mentres o caso presentaba síntomas, a unha distancia menor de 1,5 metros durante polo menos 10 minutos)

Se o/a traballador/a presentase síntomas compatibles con COVID19 antes de acudir ao traballo ou se o traballador tivo un contacto estreito cun caso COVID19 no seu domicilio (familiar ou convivinte en illamento actualmente):

- Non acudirá ao posto de traballo.
- Contactará co seu Médico de Atención Primaria para informar da súa sintomatoloxía.
- Informará canto antes ao coordinador do Equipo COVID 19 do centro.
- colexio, informará do caso (nome e teléfono de contacto) a Sanidade remitindo ademais unha listaxe dos contactos estreitos que o traballador sintomático tivese durante a xornada laboral.

PAUTAS DE ACTUACIÓN EN CASO DUN ESTUDANTE SINTOMÁTICO OU EN CONTACTO CUN CASO COVID19.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

Cando un estudante inicie síntomas ou estes sexan detectados por persoal do centro durante a súa xornada escolar, levaráselle a un espazo separado.

Levaráselle a unha sala para uso individual, elixida previamente, que conte con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, máscaras e cunha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara en caso de necesidade de cambio, así como os panos desbotables.

Avisarase á familia para que recolla ao alumno/a e que contactará co seu médico de Atención Primaria para informar da súa sintomatoloxía. A atención sanitaria corresponde ao centro de saúde de referencia da persoa, que non ten por que coincidir co da zona básica de saúde onde está localizado o centro educativo.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

De forma xeral manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,5m nas interaccións coas persoas.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, con independencia do mantemento da distancia interpersoal. (Educación Infantil: decidiuse uso da máscara, non de forma continuada, pero si coas pautas xerais de Primaria sobre todo nas entradas e saídas e no tránsito polos espazos comúns). Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara ao centro de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

En E.I a organización do alumnado establecerase con carácter xeral en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.

Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

Na etapa de Ed. Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.

Naquelas situacións nas que non fose posible a separación tomaranse medidas de protección individual co uso de máscaras.

As persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que pola súa situación de discapacidade ou dependencia, ou ben alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización, non terán a obriga do uso da máscara. Garantirase en todo momento o cumprimento da distancia de seguridade interpersoal. Neste caso tamén se poderá facer uso de pantallas ou biombo transparente especialmente nas aulas do departamento de orientación.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso,

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía. O departamento de orientación será o encargado de ditaminar as pautas a ter en conta con este alumnado.

A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do/a alumno/a.

MEDIDAS HIXIÉNICAS

Reforzaranse as tarefas de limpeza en todas as estancias, con especial incidencia nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas e xanelas, mesas, computadores, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características.

No centro realizarase unha limpeza e desinfección das instalacións polo menos unha vez ao día, naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso realizarase dúas veces pola mañán durante o período lectivo e unha vez pola tarde de forma xeral.

Limparanse adecuadamente os aseos en función da intensidade de uso e, polo menos, tres veces ao día.

Colocaranse na entrada e nos corredores do centro un total de 4 dispensadores automáticos de xel e/ou de solución alcohólica desinfectantes para as mans. No momento da entrada do alumnado, o profesorado de garda e colaboración coa especialista de AL supervisarán que todo o alumnado, a medida que vai entrando fai uso de dito dispensador.

En cada aula se disporá dun dispensador manual de xel así coma dun envase de desinfectante para as distintas superficies da aula.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERSOAL

As principais medidas de prevención persoal que deben tomarse son as seguintes:

- Hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa, mínimo cinco veces ó día de forma xeral, e de forma individual ás veces que cada neno faga uso do aseo. Destacando o lavado das mans con auga e xabón antes de calquera comida que se realice no centro, e nos demais casos con xel hidroalcohólico.
- Evitar tocarse o nariz, a boca e os ollos.
- Evitar tocar a propia máscara coas mans e as de outras persoas.
- Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e tapa e, a poder ser, con pedal.
- A máscara indicada para poboación será a de tipo hixiénico e sempre que sexa posible reutilizable.
- Educación Infantil: decidiuse o uso da máscara, non de forma continuada, pero si coas pautas xerais de Primaria.
- Na etapa de Educación Infantil as mestras usarán luvas desbotables para colaborar na manipulación dos alimentos que o alumnado trae da casa para a hora da merenda.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN DO CENTRO

Limpeza e desinfección polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, por ex. nos aseos onde será de polo menos 3 veces ao día.

Limparase toda a vaixela, xogo de cubertos e cristalería no lavalouzas, incluída a que non se usou, pero puidese estar en contacto coas mans dos estudantes.

Vixiarase a limpeza de papeleiras, de maneira que queden limpas e cos materiais recolleitos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos quince minutos ao comezo da xornada, ao finalizar, entre clases e no recreo, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

Cando as condicións meteorolóxicas e o edificio o permitan, manter as xanelas abertas o maior tempo posible.

En cada cambio de profesorado entre aulas, este responsabilizarase da hixiene das súas mans (uso de xel hidroalcóholico ao entrar) e do material de uso docente, e o cumprimento das medidas de ventilación.

Tanto o titor como o profesorado especialista deberá lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade a todo alumnado.

RECURSOS MATERIAIS PARA O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Asegurarase a disposición en diferentes puntos do centro, incluídos todos os aseos, de auga, xabón e papel para o secado de mans, así como xeles hidroalcohólicos.

Disporase nos diferentes espazos de papeleiras con bolsa e con tapa e a poder ser de pedal, que permitan unha eliminación adecuada de panos de papel ou outros restos potencialmente contaminados.

O centro contará con máscaras quirúrxicas para utilizar no caso de que alguén inicie síntomas e máscaras hixiénicas para o profesorado e para poder repoñer as máscaras do alumnado, en caso de necesidade ou esquecemento.

MEDIDAS PARA AS ZONAS COMÚNS

En xeral nas zonas comúns: O uso de máscara no centro educativo será obrigatorio para todas as persoas. No caso de persoas que acrediten documentalmente que pola súa patoloxía non poden utilizar máscara, garantirase en todo momento o cumprimento da distancia de seguridade interpersoal.

Disporase dun dispensador de xel hidroalcohólico (exemplos: entradas do centro educativos, conserxería, sala de profesores, aseos, aulas, etc.)

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

Contarase cunha alfombra desinfectante nas entradas do centro escolar e nas aulas de infantil.

Organizarase a entrada ao centro e a saída de forma graduada para evitar aglomeracións na entrada ao centro e zonas comúns (corredores, entrada, aseos, etc.).

As entradas, saídas e o acceso a zonas comúns estarán sinalizadas, e se establecerán dispositivos para garantir a distancia mínima de seguridade entre persoas

O sentido de circulación establecido no centro será sempre pola dereita e estará sinalado en distintos lugares.

Reduciranse ao mínimo os desprazamentos de grupos de alumnado polo centro

Sempre que sexa posible, deixaranse as portas abertas para evitar a necesidade de abrilas. Queda prohibido para o alumnado abrir/pechar portas e fiestras, será o profesorado ou PAS quen as manipulen.

Deberán evitarse aglomeracións de persoal nestes puntos:

- Patio: No tempo de recreo diferenciaranse zonas para os distintos cursos que permita manter a distancia de seguridade interpersoal para que o grupo dunha aula concreta non interactúe con grupos doutras aulas, creando así “grupos burbulla”.
- Para salvagardar a distancia interpersoal de seguridade e poder manter as condicións de hixiene prohibiranse os xogos que impliquen o intercambio de obxectos e o contacto persoal.
- Aseos: Hase de extremar a limpeza, aumentando a frecuencia da mesma; tres veces ao día. Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén se poden contemplar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza, sempre en condicións de seguridade. En primaria, as quendas para ir ós aseos estarán sinalizados mediante na zona correspondente, xa que só pode estar dentro, unha persoa.
- Salón de actos: Mentres dure esta situación epidemiolóxica non está permitido utilizar o salón de actos para a realización de actos académicos e outro tipo de eventos que supoñan a aglomeración de persoas (festivais, actuacións, e calquera outra actividade de similares características).
- Sala de profesores: É fundamental manter a distancia interpersoal de seguridade mínima de 1,5 metros, así como o uso da máscara. Limitarase, sempre que sexa posible, o aforo á sala a fin de cumprir a distancia de seguridade. Na sala haberá solución hidroalcohólica para a hixiene de mans e desinfectante para o mobiliario.
- Comedor: Establecéranse dúas quendas de uso ante a imposibilidade de manter a distancia de seguridade debido ás dimensións do mesmo.
- Biblioteca: o préstamo de libros realizarase por grupos de convivencia con quendas establecidas. Os libros devoltos deberán permanecer na zona indicada, para a corentena, durante como mínimo catro horas antes de estar dispoñibles para o resto do alumnado. A biblioteca permanecerá pechada no recreo para realizar as medidas de limpeza e desinfección da mesma.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

- Área de educación física: o uso da máscara será obrigatorio agás cando se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da mascara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

MEDIDAS XERAIS

Dar prioridade ao uso da zona exterior.

Lavado frecuente de roupa do persoal de comedor e cociña (temperatura entre 60 e 90º).

Outras pertenzas como gorras, obxectos perdidos…sacaranse fotos regularmente que serán subidas á web do centro escolar para que as familias pasen a recollelas con cita previa. Gardaranse nunha caixa de plástico debidamente hixenizada.

A entrega e recollida dos nenos e nenas do centro realizarase por unha soa persoa, que se dirixirá á zona establecida, debidamente protexida con máscara e respectando a distancia de seguridade.

Rogarase ás familias puntualidade e estrito cumprimento dos horarios acordados para lograr unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, esperando fóra no espazo habilitado para iso, cumprindo as medidas de seguridade establecidas.

Durante a vixencia do protocolo COVID-19, as familias deberán permanecer fora do centro, non podendo acceder ao interior salvo por expresa solicitude do persoal deste.

O centro educativo promoverá que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas que sexan posible, se realicen de forma telemática. Cando sexa estrictamente necesario, serán de forma presencial e cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais,

Subministrarase ás familias, ó alumnado e ó persoal do centro a información sobre as medidas de protección e de hixiene contra o COVID-19, a través da web do centro e na cartelería colocada no mesmo.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

ANEXO I: ENTRADAS E SAÍDAS

ENTRADAS

- O horario de entrada para todos (EI e EP) será ás 8:55h, pero realizarase por quendas.
- Primeiro o alumnado transportado situarase na zona indicada para eles, e terán que esperar que o alumnado non transportado se sitúen nas súas posicións.
- E a continuación, unha vez todos colocados nos seus respectivos lugares, comeza a entrada por quendas. 1ª Quenda: 1º e 2º curso EP. Situaranse na cuberta da entrada ao edificio.
- 2ª Quenda: 4º, 5º,6º curso EI. Situaranse no patio cuberto.
- 3ª Quenda: 3º,4º,5º e 6º curso EP. Situaranse no pavillón.
- Cada curso e alumno/a situarase nas marcas indicadas, dende onde accederán ás aulas, coa indicación do/a mestre/a respectivo/a.
- Rógase a maior puntualidade á hora de entrada no centro, única forma de evitar aglomeracións.
- De forma excepcional, o alumno ou a alumna que se retrase, deberá agardar que entre todo o alumnado, comunicalo a través do porteiro automático e logo acceder ao centro pola entrada principal, onde un mestre de garda vixiará que tome as medidas hixiénicas pertinentes.
- Segundo vaian avanzando na fila na entrada ao centro, o alumnado disporá de un dispensador de xel hidroalcohólico automático, tendo a obriga de empregalo.
- As posicións do alumnado estarán sinalizadas no chan con marcas que deberán respectar e manter .
- En EI as perchas estarán situadas no exterior das aulas (corredor) mantendo unha distancia prudente entre elas, onde colocarán tanto as prendas como as mochilas. O material (funxible) que utilizan estará gardado en caixas individuais de plástico.
- En EP, colocarán o material cada un na súa cadeira. Este material persoal do alumno/a ten que estar co nome do alumno/a e o rematar das clases ten que quedar todo recollido no seu lugar correspondente e de xeito individual.
- Os libros e o material escolar non pode quedar no colexio, polo que traerán e levarán o necesario para o día.
- Sendo o propio alumnado o responsable de dito material.

SAÍDAS

Alumnado 13:55h

- 1º: E. Infantil (por orde: 4º, 5º e 6º) Polo patio cuberto na zona de infantil
- 2º: 1º e 2º E. Primaria. Porche da entrada principal
- 3º, 4º, 5º e 6º E. Primaria. Serán entregados na portón principal de entrada ao recinto escolar.

Profesorado e coidadores serán os encargados de acompañar a estes alumnos/as.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

Alumnado: 14:25h

- Usuarios de transporte escolar e comedor (3º,4º,5º e 6º de primaria).

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

ANEXO II: RECREOS

Horario: 11;40 a 12:10h.

A saída e a entrada dos recreos farase de forma gradual procurando que os grupos non coincidan nos corredores.

Cada curso terá o seu espazo para os recreos, agás nos días de choiva que se usarán as zonas cubertas polo que algúns grupos deberán facer o descanso nas aulas correspondentes de forma rotatoria.

Estableceranse espazos para cada unha das zonas habilitadas e sinalizadas para tal efecto, non podendo mesturarse co alumnado doutros grupos.

Quendas e orde tanto na saída como na entrada ás aulas:

- E.Infantil: pola porta principal.
- 1º,2º, 3º e 4º E.P. : pola porta traseira da planta principal.
- 5 e 6º E. P. : pola porta traseira da primeira planta.

PLANO:



Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

ANEXO III: COMEDOR

Establécense dúas quendas:

- 1ª quenda: INFANTIL, 1º E 2º E.P.: 13,00 – 13,35
- 2ª quenda: 3º,4º,5º- 6º PRIMARIA: 13,50 – 14,20

O alumnado da primeira quenda, unha vez rematado o servizo de comedor, volverá coas coidadoras correspondentes ás súas aulas.

NORMAS:

- Lavar as mans con auga e xabón.
- Non se pode cambiar o sitio na mesa correspondente en todo o curso escolar,
- A medida que se liberen as mesas iranse limpando e desinfectando.

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

ANEXO IV: ESPAZOS RECREOS

	SEN PRECIPITACIÓNS	CON PRECIPITACIÓNS
EDUCACIÓN INFANTIL	Espazo A, B e C (rotatorio)	Espazo C (rotatorio) e aulas.
EDUCACIÓN PRIMARIA	Espazos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 (rotatorio)	Espazos 1, 2 e 8 e as aulas (rotatorio)

Avenida de Monforte s/n
27500 Chantada
☎ 982828133 982828134
ceip.eloisa.rivadulla@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeloisarivadulla/

ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE "AUTOAVALIACIÓN COVID-19". AUTORIZACIÓN TOMA TEMPERATURA.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dª _____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____, do CEIP Plurilingüe "Eloísa Rivadulla" de Chantada

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON envialo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicará o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.
- En Chantada, a ___ de _____ de 2020.

ASDO. _____

AUTORIZACIÓN TOMA DE TEMPERATURA

D/Dna_____como proxenitor/a, titor/a, ou representante legal do alumno/a _____, matriculado no CEIP Plurilingüe Eloisa Rivadulla.

Autorizo ao persoal do centro educativo, a toma de temperatura do alumno/a no caso de que sexa necesario.

Chantada, a ___ de _____ de 2020.

ASDO. _____